



Plan TIC

INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) inciden de forma cada vez máis determinante na vida das persoas, e en consecuencia, no campo da educación. Neste último ámbito, o educativo, a inclusión da competencia básica tratamento da información e competencia dixital como elemento do currículo introdúcenos nun momento substancialmente distinto e crea novos escenarios educativos. Xa non estamos, polo tanto, só ante un fenómeno social, cultural e económico senón que agora o novo marco legal da Educación concede un carácter preceptivo ó uso das TIC como aparece reflexado na LOE nos seus artigos 23,24,25 e 33 así como no Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007) nos artigos 3,4,6,7e 18 e Anexos I,II e VI.

A competencia *Tratamento da Información e Competencia Dixital* consiste esencialmente en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Diso derivase que o dominio das TIC vaise facendo tan esencial como o das técnicas instrumentais clásicas. É máis, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrecen o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente. Todo iso esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos,

organizativos, de xestión e curriculares. É precisamente este impacto ou transcendencia global das TIC o que xustifica a confección deste plan como documento de referencia que recolla e regule todos os aspectos concernentes á integración das TIC no centro.

CONTEXTO

O centro, creado en 1982 como Instituto de Formación Profesional, e que actualmente é un Instituto de Ensino Secundaria acolle alumnos procedentes de familias que son na súa maioría de clase media-baixa, cunha presenza cada vez mais importante de poboación inmigrante.

Respecto á súa relación coas TIC, a maior parte das familias dispoñen de ordenador na casa, con conexión a Internet. O uso maioritario de TIC por parte do alumnado no seu domicilio é para a conexión a redes sociais (Tuenti, Facebook, Messenger...) e descarga de contidos.

O IES estivo vinculado ás TIC dende os seus inicios, xa que dende os seus comezos acolleu distintos estudos de especialidades informáticas (Informática de Empresas, Informática de Xestión, Módulos e actualmente ciclos formativos de Informática e de Administración e Xestión).

Dentro do obxectivo da formación integral dos seus alumnos, o Proxecto Educativo asume a formación no uso das tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de aprendizaxe e traballo. Presente de forma transversal no desenvolvemento de practicamente todas as materias dos currículos de ESO e Bacharelato, a formación en TIC destaca pola súa presenza nos currículos das materias obrigatorias de Tecnoloxía nos cursos 2º, 3º e 4º de ESO, así como nas optativas de Informática (4º ESO) e Tecnoloxías da Información e a Comunicación (ofertada en 1º de Bacharelato). Entre o profesorado maniféstase un crecente interese no uso destas ferramentas na aula, indicado curso a curso tanto polo aumento de peticións para o uso das Aulas de informática coma da lousa dixital en aulas ordinarias, así como polo incremento do profesorado formado en cursos TIC.

RECURSOS DISPOÑIBLES

De xeito superficial, os recursos TIC dos que se dispón son:

- **Rede cableada** a distintas dependencias (Aulas, Departamentos, Sala de Profesores, Administración, Dirección, Xefatura de Estudos
- **Rede Wifi** con acceso, a partir de 3 Puntos de Acceso inarámico: Sala de profesores, Biblioteca e Salón de actos.
- **Aula 102** con 16 +1 ordenadores, impresora de rede e canón de proxección.
- **Aula de Tecnoloxía** con 16+1 ordenadores, impresora de rede e canón de proxección.
- **Dúas Aulas** con Pizarra dixital, ordenador e canón.

- **Tódalas aulas e talleres** con ordenador e canón.
- **A colaboración** inestimable do departamento de Informática.

Todo isto sen ter en conta que os ciclos de Administración e Xestión e Informática dispoñen das súas propias aulas de informática.

OBXECTIVOS

Obxectivos xerais.

- Fomentar e integrar as tecnoloxías da información e comunicación en todas as tarefas do centro.
- Concienciar a toda a comunidade educativa sobre a utilidade das TIC e fomentar o seu uso.
- Fomentar a comunicación e intercambio de información mediante o uso das TIC entre todos os membros da comunidade educativa.
- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte de alumnos e profesores.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos como medio de apoio e reforzo nas súas aprendizaxes.

Obxectivos para o profesorado

- Potenciar a utilización da informática como ferramenta de traballo.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais do Centro: programacións, memorias, plans, circulares, normativas, actividades, información ás familias, etc.
- Dispoñer das TIC como un recurso máis de todas as aulas.
- Fomentar a participación na páxina Web do centro.

Obxectivos para os alumnos:

- Aprender a manexar e coidar os medios que se poñen á súa disposición.
- Utilizar programas e ámbitos que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas de contido, e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas, e coñecementos destas.
- Potenciar a súa comunicación con outros compañeiros e compañeiras do seu ámbito e de fóra do seu ámbito próximo.
- Espertar o interese por coñecer cousas diversas e darlles as pautas para acceder á información precisa. Potenciar o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.

- Utilizar o ordenador como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.

Obxectivos para a Comunidade Educativa:

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu ámbito: follas informativas, páxina Web, correo electrónico, no que se divulgue o Centro e a súa oferta educativa, diferentes informacións, relación coa APA, e intercambio de información coas familias.
- Intensificar a utilización das TIC, potenciando o correo electrónico ou as plataformas de comunicación como un medio máis para contactar coas familias e a comunicación de incidencias ou, simplemente, como medio de comunicación vivo e activo-

Plan de actuación do coordinador

- Apoiar o profesorado na integración das TICs na docencia diaria.
- Organizar e xestionar os recursos asegurando o seu correcto funcionamento.
- Desconxelar, actualizar, cargar programas e contidos a petición dos Departamentos e profesores, renovar antivirus e conxelar:
- Atender as incidencias e problemas que xorden no día a día no uso dos recursos dispoñibles.

E en función das posibilidades do centro:

- Renovación de equipos da aula de tecnoloxía.
- Renovación progresiva dos equipos informáticos máis obsoletos presentes nas distintas aulas.